




Curso 2019-2020

RAO EN BIOLOXÍA



*“Sinte a vida,
vive a Biología”*

GUÍA DO ESTUDANTE



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Presentación do Decano	3
Organización da facultade	
Localización, contacto e horario da facultade	4
Órganos de Goberno e Comisións	5
Departamentos do Centro	6
Outros Departamentos con docencia na Facultade	7
Facultade de Bioloxía	8
Grao en Bioloxía	
Titulación de Grao en Bioloxía	12
Descrición da titulación	12
Coordinación académica na titulación de Grao	15
Mobilidade	
Programas de mobilidade	17
Plan de Acción Titorial	
PAT	18
Información Académica	
Calendario académico	19
Horario de actividades formativas	19
Calendario de exames e convocatorias	19
Secretaría de alumnos	20
Matrícula	20
Recoñecemento de créditos por actividades extra-académicas	20
Permanencia	21
Servizo de Teledocencia	21
Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo	23
A calidade en Bioloxía	
Xestión da calidade no Grao en Bioloxía	24
Mestrados e Postgrao	
Estudos de Postgrao	25
Investigación en Bioloxía	
A investigación na Facultade de Bioloxía	26



Revista da Facultade de Bioloxía	
REVBIGO	27
Outros servizos da Universidade de Vigo	
Biblioteca	28
Deportes	28
Cultura	28
Tarxeta universitaria	29
Correo electrónico	29
Bolsas e emprego	30
Transporte	30
Seguro escolar	30
Gabinete psicopedagógico	30
Centro médico	31
Cursos	31
Outros servizos	31
Contactos de interese da Universidade de Vigo	31



Presentación do Decano

No Colexio Universitario de Vigo, coñecido coloquialmente como "CUVT", iniciáronse en 1977 os estudos de Bioloxía impartíndose unicamente o primeiro ciclo da Titulación de Bioloxía, que dependía da Universidade de Santiago de Compostela.

A creación da Universidade de Vigo en 1990 facilitou a implantación da Licenciatura completa en 1994, coa aprobación do primeiro plan de estudos ese mesmo ano. En 2001 implantouse o último plan de estudos da Licenciatura. Dende aquel Xaneiro de 1990 a Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo creceu a un ritmo considerable. Os profesionais docentes e investigadores son na súa maioría Doutores, e participan en proxectos de investigación dentro dos diversos campos do amplo mundo da Bioloxía. A nosa Facultade está tamén moi implicada no Campus do Mar, recoñecido como campus de Excelencia Internacional.

Os estudos de Grao en Bioloxía que se ofertan na actualidade seguen as directrices do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior). En canto aos estudos de Postgrao ofertamos cinco Mestrados, a maioría interuniversitarios, de carácter investigador e profesionalizante de moi diversa temática: Acuicultura, Bioloxía Mariña, Biotecnoloxía Avanzada, Neurociencia e Formación do Profesorado.

O traballo constante situou a nosa Facultade nun excelente nivel de captación de recursos, infraestruturas para a docencia e a investigación, e na formación de investigadores. O labor docente mellora día a día apostando constantemente pola coordinación entre profesores, e a utilización na aula e nos laboratorios de metodoloxías innovadoras aplicadas á función docente.

A mobilidade dos nosos estudantes, a través de programas de intercambio nacionais e internacionais, así como a realización de prácticas externas en empresas, centros de investigación e outros organismos, son tamén un obxectivo prioritario da nosa Facultade. Contribúe ao bo funcionamento do centro, a presenza dun Persoal de Administración e Servizos (PAS) especializado e con gran profesionalidade.

É para min un pracer poder darvos a benvida a nosa Facultade en nome de todos os seus membros.

Un saúdo

O Decano da Facultade de Bioloxía




Localización, contacto e horario da facultade

Localización

A Facultade sitúase no Campus Universitario Lagoas-Marcosende, a uns 14 km da cidade de Vigo.

Comparte edificio coas facultades de Ciencias do Mar e Química. No seguinte plano xeral indícase a situación do edificio de Ciencias Experimentais onde se sitúa a Facultade de Bioloxía.



Situación detallada da Facultade de Bioloxía.



Contacto

Dirección	Facultade de Bioloxía Campus Lagoas-Marcosende 36310 Vigo (Pontevedra)
Teléfonos	Conserxería: (+34) 986 812550; Fax: (+34) 986812556 Secretaría de alumnado: (+34) 986 812 555 Decanato: (+34) 986811976
WEB	http://bioloxia.uvigo.es/gl/
E-mail	decanatobioloxia@uvigo.es

Horario

- **Facultade**

A Facultade permanece aberta de luns a venres de 8:00 a 21:00 horas, en xullo de 9:00 a 19:00 horas e en Agosto de 9:00 a 14:00 horas.

- **Secretaría de alumnos**

Aberta de luns a venres de 08:30 a 14:00 horas (durante todo o ano).

Órganos de Goberno e Comisións

Equipo Decanal

Decano.- Jesús M. Míguez Miramontes.

Vicedecana de Actividades Culturais e Relacións Externas.- Manuel Ángel Pombal Diego.

Vicedecana de Alumnado e Coordinación Académica.- M^a Fuencisla Mariño Callejo.

Vicedecana de Calidade e Innovación Docente.- Mercedes Gallardo Medina.

Secretaria.- Aida García Molares.

Teléfono: 986 81 19 76

Fax: 986 81 25 56

Correo electrónico: decanatobioloxia@uvigo.es

Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control da Facultade. Está composta polo Decano, que a preside, así como polo Equipo Decanal, o profesorado e unha representación dos estudantes e persoal de administración e servizos.



Comisións Delegadas

A Xunta de Facultade pode crear comisións delegadas que poderán levar a cabo funcións de estudo e asesoramento, e propoñer solucións a temas ou problemas concretos obxecto de consideración pola Xunta de Facultade. As devanditas comisións poden ser estables ou conxunturais.

Entre as comisións estables figuran as seguintes:

- Comisión Permanente
- Comisión de Docencia e Validacións
- Comisión de Actividades Culturais
- Comisión de Garantía de Calidade
- Comisión de Tránsito Fin de Grao

As funcións e a composición das distintas comisións poden consultarse no seguinte enlace: <http://bioloxia.uvigo.es/gl/facultade/organos-de-goberno/comisiones-delegadas>

Departamentos do Centro

A Facultade de Bioloxía conta cos seguintes Departamentos cuxo profesorado imparte a maior parte da docencia da titulación:

Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde

- Teléfono 986 812 646
- Correo electrónico depc01@uvigo.es
- Web <http://webc01.webs.uvigo.es/indexgl.html>

Director María del Pilar Molist García

Teléfono: 986 812 389

Correo electrónico: pmolist@uvigo.es

Secretaria Marcos Antonio López Patiño

Teléfono: 986 130 209

Correo electrónico: mlopezpat@uvigo.es

Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo

- Teléfono 986 812 665
- Correo electrónico departamentos_ciencias@uvigo.es
- Web <http://webc02.webs.uvigo.es/>

Director Francisco Javier Rodríguez Rajo

Teléfono: 988 387 193

Correo electrónico: [javirajo@uvigo.es](mailto:jvirajo@uvigo.es)

Secretaria Castor Muñoz Sobrino

Teléfono: 986 812 007

Correo electrónico: bvcastor@uvigo.es



Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía

- Teléfono 986 812 665
 - Correo electrónico departamentos_ciencias@uvigo.es
 - Web <http://webc03.webs.uvigo.es/>
- Director Armando Caballero Rúa
Teléfono: 986 812 568
Correo electrónico: armando@uvigo.es
- Secretaria Diana Valverde Pérez
Teléfono: 986 811 953
Correo electrónico: dianaval@uvigo.es

Outros Departamentos con docencia na Facultade

Ademais dos citados arriba, a Facultade de Bioloxía conta tamén co apoio doutros departamentos que se ben non están adscritos á titulación, imparten diversas materias no Grao en Bioloxía. Entre eles encóntrase:

- **Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal** (Facultade de Ciencias do Mar)
<http://webc04.webs.uvigo.es/>
- **Departamento de Química Orgánica** (Facultade de Química)
<http://webs.uvigo.es/qo/default.htm>
- **Departamento de Física Aplicada** (Facultade de Ciencias do Mar)
<http://webs.uvigo.es/dept08>
- **Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do territorio** (Facultade de Ciencias do Mar)
<http://webc10.webs.uvigo.es/aae.php>
- **Departamento de Bioestatística e Investigación operativa** (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)
<http://depc05.webs.uvigo.es/ga/index.html>
- **Departamento de Matemáticas** (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)
<http://webs.uvigo.es/matematicas>
- **Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia** (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais).
<http://doem.uvigo.es/>




Facultade de Bioloxía



Situación dos distintos bloques e servizos da Facultade de Bioloxía.

Espazos docentes e recursos

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo dispón dunha dotación suficiente de equipamento e infraestrutura para garantir o desenvolvemento axeitado das actividades formativas programadas. Neste sentido conta con numerosos espazos adaptados para a docencia (aulas, laboratorios docentes, seminarios, laboratorios especializados, etc.) e a investigación (laboratorios de investigación), facendo máis cómodas estas actividades así como a convivencia diaria. Dentro da oferta de espazos e servizos da Facultade inclúese:




- **Aulas de docencia:** conta con 8 aulas onde se imparten clases e se realizan exames. Todas elas están adaptadas para persoas con minusvalía e están dotadas de equipos informáticos e de proxec-



ción analóxica e dixital para presentacións multimedia. Así mesmo contan con conexión a internet e lousas interactivas.

- **Aulas de Informática:** existe 1 aula de uso múltiple dotada con 23 postos de ordenador con conexión a internet, sistema de proxección dixital e lousa interactiva. En horario lectivo na aula impártense clases teóricas e prácticas asistidas con ordenador. Fóra do horario lectivo, existen períodos de libre disposición dos ordenadores para os estudantes, baixo a supervisión e apoio dun especialista.
- **Seminarios:** conta con 4 salas para traballo en pequenos grupos ou para realizar tutorías. Todas están dotadas de conexión a internet.
- **Aulas de Videoconferencia:** dispónse de 3 aulas dotadas co equipamento necesario para realizar conexións de videoconferencia.



- **Laboratorios docentes:** existen 13 laboratorios para a realización de prácticas experimentais e seminarios prácticos, con capacidade para 20-24 postos cada un. Todos eles están dotados do instrumental e equipamento necesarios para realizar as prácticas das diferentes materias que compoñen o grao. Nos laboratorios hai que seguir unha serie de normas de seguridade especificadas na normativa de riscos laborais para laboratorios. Ademais, na plataforma de coordinación áchase un pdf con tódalas normas necesarias para traballar nos laboratorios de bioloxía.
[http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/xerencia/DVD.014 - Gallego_Laboratorio.pdf](http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/xerencia/DVD.014_-_Gallego_Laboratorio.pdf).
- **Servizo de Biblioteca:** dispoñible no propio centro, conta con 220 postos de lectura e unha ampla e actualizada oferta de títulos para consulta na propia sala. Ademais, ofrece a posibilidade de préstamo a domicilio destes, así como a obtención de máis recursos mediante préstamos interbibliotecarios. O servizo de biblioteca dispón de sistemas informáticos na propia sala que permiten consultar o catálogo de obras da [biblioteca](#).
- **Salas de estudo:** nos espazos da biblioteca.



- **Delegación de alumnos "Lynn Margulis":** realiza funcións de información de asuntos académicos e non académicos de interese para os estudantes. Así mesmo constitúe unha vía de enlace entre os alumnos e os profesores e/ou o equipo decanal. Pódese consultar a información *on line* da delegación de alumnos no seguinte [enlace](#).



- **Préstamo de ordenadores:** pódense solicitar ordenadores en préstamo na biblioteca.
- **Servizos de comedor, cafetería e reprografía.**
- **Salón de Graos e Salón de Actos.**
- **Sala de Xuntas.**
- **WIFI en todo o recinto.**



Laboratorios de investigación

A investigación constitúe un pilar fundamental da actividade que se desenvolve na Facultade de Bioloxía e que complementa a actividade docente que desenvolven os profesores nos distintos ámbitos da bioloxía.

Os numerosos laboratorios dos que consta a Facultade están dotados de moderno equipamento científico-tecnolóxico que posibilitan a investigación ao máis alto nivel nas distintas especialidades, incluíndo Botánica, Bioloxía Celular e Histoloxía, Bioquímica e Bioloxía Molecular, Fisioloxía Animal, Fisioloxía Vexetal, Xenética, Microbioloxía e Parasitoloxía, Zooloxía, Edafoloxía, Ecoloxía e Immunoloxía, entre outros. Para máis información, consultar na seguinte ligazón: <http://bioloxia.uvigo.es/gl/investigacion/grupos-de-investigacion>



Normas básicas do uso das instalacións da facultade

1. O bo uso dos medios dispoñibles na Facultade resultará en beneficios na actividade académica. Utilízaos responsablemente e recorda que son escasos e os pagamos entre todos.
2. Os danos ocasionados polo mal uso das instalacións teñen un custo que non nos podemos permitir. Todo o que aforremos en mantemento repercutirá en máis e mellores medios para unha formación de calidade.



3. As aulas son o lugar para o desenvolvemento da actividade docente. Facilita esta función evitando falar en voz alta nos corredores e/ou realizando calquera actividade que altere o normal funcionamento desta.
4. A aula non é lugar para levar a cabo outras actividades (reunións, comer, falar por teléfono, ...). O centro dispón de espazos e servizos onde poderás realizar actividades complementarias. Úsaas axeitadamente.
5. Os espazos dedicados a seminarios, aula de informática e aulas de videoconferencia están dirixidos exclusivamente á actividade académica. Respecta esta función e non os utilices para outros fins.
6. Os laboratorios docentes están orientados e equipados para a formación práctica. É obrigado seguir normas estritas de utilización de materiais e medios dispoñibles, así como respectar as normas de uso establecidas polos responsables destes.
7. A orde e a limpeza das instalacións son indispensables para unha boa convivencia e para que todos nos sintamos a gusto. Non botes papeis nin restos ao chan, non fagas pintadas, non manches as paredes... Colabora, ti tamén te sentirás mellor.
8. Hai moitas cousas que podes facer para que todo funcione mellor. Se es o último en saír da aula, deixa todo recollido, apaga as luces e/ou avisa en conserxaría se o cres necesario. Non pases, a ti tamén che afecta. Pensa en ti... e nos teus compañeiros.
9. A imaxe e o bo nome da Facultade non xorden da nada. A túa implicación e o teu esforzo en facelo ben fará que todos nos sintamos orgullosos do que somos e do que poidamos conseguir. O prestixio alcánzase con tenacidade, día a día.
10. Se todos (alumnos, profesores, persoal de apoio e servizos) respectamos estas normas básicas faremos do centro un lugar máis agradable e aproveitaremos mellor os recursos para ofrecer unha mellor formación. Ti podes facer moito por axudarnos a mellorar.

Para outra información sobre normas de seguridade e traballo no laboratorio, pódese consultar a seguinte [ligazón](#).



Titulación de Grao en Bioloxía

O título de Grao en Bioloxía capacita para exercer a profesión de biólogo regulada en España conforme ao Real Decreto 1754/1998 do 31 de Xullo. Un biólogo é un licenciado/graduado en Bioloxía, capacitado para comprender o funcionamento e o comportamento dos organismos vivos, a súa orixe, evolución e a súa relación co medio que os rodea. O biólogo trata de aplicar os coñecementos biolóxicos aos campos da medicina (biomedicina), industria e servizos produtivos (biotecnoloxía), novas tecnoloxías (bioinformática) e medio (biodiversidade, xestión e control ambiental).

Os biólogos traballan e investigan en ámbitos moi diversos:

- **Sanidade:** análise biolóxica de augas e alimentos, análise clínicas, fitosanitarios, tratamento de pragas e epizootias, consello xenético, nutrición e dietética, toxicoloxía, avaliación de riscos, reprodución humana e planificación familiar, bioquímica, microbioloxía, estudos demográficos e epidemiolóxicos, control de axentes biolóxicos patóxenos, biotecnoloxía sanitaria e sanidade ambiental.
- **Medio Ambiente:** estudos de impacto ambiental, xestión de espazos naturais, control e depuración de augas residuais, auditorías ambientais, planificación e ordenación do territorio, conservación de especies, restauración do medio e da paisaxe, reforestación, xestión da contaminación e dos residuos, asesoramento científico, estudos ecolóxicos, prevención de riscos naturais e incendios forestais, dinámica de poboacións.
- **Producción e Calidade:** análise e calidade agroalimentaria, medicamentos de uso humano e veterinario, produción agropecuaria, acuicultura e produción pesqueira, biotecnoloxía industrial e agraria, produción forestal, viticultura e enoloxía, xestión cinexética, metroloxía, xestión sostible de recursos naturais, viveiros e xardinaría.
- **Formación e Docencia:** universitaria, secundaria, formación ocupacional, escolas taller, educación ambiental e para a saúde.
- **Investigación:** traballo en grupos de investigación nos ámbitos da bioloxía tanto en proxectos básicos como aplicados.
- **Servizos:** zoolóxicos, museos, parques temáticos, xardíns botánicos, divulgación científica, prevención de riscos laborais, taxación e peritaxes...

Descrición da titulación

Ámbito: científico

Duración: 4 anos

Créditos ECTS: 240

Os estudos ao título de graduado en Bioloxía estrutúranse en catro módulos cuxo deseño e obxectivos se describen a continuación:



- Módulo Básico. 60 créditos. Curso 1º, semestres 1 e 2.**
 O obxectivo do módulo é proporcionar aos alumnos os coñecementos básicos de bioloxía (incluíndo evolución, medio físico e técnicas básicas), física, xeoloxía, matemáticas, química e estatística que han de capacitar o alumno para acceder a contidos específicos do resto das materias, suficientes para afrontar a comprensión dos procesos biolóxicos.
- Módulo Obrigatorio: 120 créditos. Cursos 2º e 3º, semestres 3, 4, 5 e 6.**
 Consta de 20 materias obrigatorias de 6 créditos ECTS cada unha, que inclúen todas as competencias específicas e os contidos comúns que garanten a formación dun graduado en bioloxía.
- Módulo Profesionalizante: 36 créditos. Curso 4º, semestres 7 e 8.**
 Componse de materias optativas coas que se pretende proporcionar as competencias de "saber facer" que ten que alcanzar o graduado en bioloxía e facilitar así o acceso aos ámbitos de traballo de maior demanda para biólogos. Ofértanse 12 materias optativas de 6 créditos ECTS cada unha, das cales o alumno cursará polo menos 6 (36 créditos ECTS). O módulo inclúe tamén a materia Prácticas Externas de 6 créditos ECTS que se cursará no segundo semestre do curso.
- Módulo Proxecto e Traballo Fin de Grao: 24 créditos. Curso 4º, semestre 8.**
 Consta da materia Redacción e Execución de Proxectos (6 créditos ECTS) e dun Traballo Fin de Grao de 18 ECTS que se realizarán durante o último semestre dos estudos. Este módulo obrigatorio permitirá ao alumno desenvolver parte da súa actividade formativa de xeito eminentemente práctico na propia institución ou en entidades externas.

Estrutura do Grao

MÓDULO BÁSICO (60ECTS. Carácter Obrigatorio)			
CURSO 1º			
1º Semestre		2º Semestre	
Bioloxía: Evolución	6 ECTS	Bioloxía: Solo, Medio Acuático e Clima	6 ECTS
Física dos Procesos Biolóxicos	6 ECTS	Bioloxía: Técnicas Básicas de Laboratorio	9 ECTS
Xeoloxía	6 ECTS	Bioloxía: Técnicas Básicas de Campo e Teledetección	9 ECTS
Matemáticas aplicadas á Bioloxía	6 ECTS	Estatística: Bioestatística	6 ECTS
Química aplicada á Bioloxía	6 ECTS		
MÓDULO OBRIGATORIO (120 ECTS. Carácter Obrigatorio)			
CURSO 2º			
1º Semestre		2º Semestre	
Bioquímica I	6 ECTS	Bioquímica II	6 ECTS
Botánica I: Algas e Fungos	6 ECTS	Botánica II: Arquegoniadas	6 ECTS
Citloxía e Histoloxía Animal e Vexetal I	6 ECTS	Citloxía e Histoloxía Animal e Vexetal II	6 ECTS
Microbioloxía I	6 ECTS	Xenética I	6 ECTS
Zooloxía I: Invertebrados non Artrópodos	6 ECTS	Zooloxía II: Invertebrados Artrópodos e Cordados	6 ECTS
CURSO 3º			
1º Semestre		2º Semestre	
Ecoloxía I	6 ECTS	Ecoloxía II	6 ECTS
Fisioloxía Animal I	6 ECTS	Fisioloxía Animal II	6 ECTS
Fisioloxía Vexetal I	6 ECTS	Fisioloxía Vexetal II	6 ECTS
Xenética II	6 ECTS	Microbioloxía II	6 ECTS
Técnicas Avanzadas en Bioloxía	6 ECTS	Inmunoloxía e Parasitoloxía	6 ECTS



MÓDULO PROFESIONALIZANTE			
CURSO 4º (*)			
1º Semestre (materias optativas)			
Análise e Diagnóstico Clínico	6 ECTS	Avaliación do Impacto Ambiental	6 ECTS
Análise e Diagnóstico Medioambiental	6 ECTS	Biodiversidade: Xestión e Conservación	6 ECTS
Análise e Diagnóstico Agroalimentario	6 ECTS	Xestión e Conservación de Espazos	6 ECTS
Produción Animal	6 ECTS	Contaminación	6 ECTS
Produción Vexetal	6 ECTS	Xestión e Control de Calidade	6 ECTS
Produción Microbiana	6 ECTS		
2º Semestre			
Redacción e Execución de Proxectos	6 ECTS	Carácter obrigatorio	
Traballo Fin de Grao	18 ECTS	Carácter obrigatorio	
Prácticas Externas	6 ECTS	Carácter optativo	

(*) Cursar 36 ECTS de materias optativas do curso do total de 72 créditos ofertados. Posibilidade de validación de 6 ECTS por recoñecemento académico.

A estrutura do Plan de Estudos da titulación de Grao en Bioloxía pódese atopar no seguinte enlace: [plan de estudos](#).

Prácticas Externas Curriculares

As prácticas externas curriculares están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ao título. Realízanse nun ámbito laboral e profesional real relacionado con algún dos ámbitos da bioloxía, baixo a supervisión dun titor na entidade colaboradora e un titor académico na Facultade de Bioloxía.

A materia de Prácticas Externas ten un carácter optativo e desenvólvese no segundo semestre de 4º curso do grao. As prácticas achegarán unha visión profesional aos contidos dos estudos e permiten manter o contacto directo entre a facultade e o mundo profesional.

Na actualidade existen convenios con máis de 40 empresas, institucións e organismos que permiten ao alumnado elixir entre un amplo abano de opcións nos ámbitos da sanidade, medio, biotecnoloxía, investigación, desenvolvemento e innovación, formación, e outros.

Módulo Proxecto e Traballo Fin de Grao

Este módulo consta de dúas materias obrigatorias que se desenvolverán no último semestre do Plan de Estudos.

Na materia Redacción e Execución de Proxectos o alumno aprenderá a metodoloxía e os aspectos básicos para a elaboración dun proxecto relacionado co ámbito profesional do biólogo.

O Traballo de Fin de Grao ten como obxectivo que o alumnado poña en práctica tanto os coñecementos coma as competencias e habilidades adquiridas durante todo o período da súa formación académica. Trátase da realización dun traballo relacionado con algún dos múltiples ámbitos do mundo laboral propios do biólogo, sempre baixo a supervisión dun titor académico. Realízase en laboratorios da Facultade ou en empresas e outras institucións externas coas que establecese un convenio de cooperación educativa. O Traballo de Fin de Grao presentarase mediante unha memoria escrita e será defendido oralmente ante unha comisión nomeada a tal efecto.

Para máis información sobre o Traballo Fin de Grao, pulse no seguinte enlace: [Traballo Fin de Grao](#).



Coordinación académica na titulación de Grao

Coordinador do Grao

Para o Grao en Bioloxía existe a figura de coordinador da titulación que recae sobre o decano da facultade. A súa función principal é a coordinación vertical de todos os cursos do grao.

Coordinadores de curso

En cada curso do grao existe unha figura de coordinador que desempeña un profesor da titulación. Para o curso 2019-20 os coordinadores de curso son os seguintes:

Curso	Coordinador/a	Correo	Situación despachos
Titoría-coordinación 1º de grado V02G030V01_PAT1	Mª Fuencisla Mariño Callejo	mmarino@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, LI47
Titoría-coordinación 2º de grado V02G030V01_PAT2	Aida García Molares	molares@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, D47
Titoría-coordinación 3º de grado V02G030V01_PAT3	Humberto Quesada Rodríguez	hquesada@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D23
Titoría-coordinación 4º de grado V02G030V01_PAT4	Esther Barreal Modroño	edesther@uvigo.es	Bloque A, 1ª planta, LI20

Coordinadores de materias de Grao

Nas seguintes táboas se achega información sobre os distintos coordinadores das materias do grao de Bioloxía para o curso 2019-20. Se queres información sobre o resto do profesorado das distintas materias que compoñen o grao, podes consultalo neste [enlace](#).

1º curso

Materia	Coordinador/a	correo	Situación despachos
Evolución	Rolán Álvarez, Emilio	rolan@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, LI51
Física	Legido Soto, José Luis	xlegido@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, P24
Matemáticas	Sanmartín Carbón, Esperanza	esanmart@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, D2 Fac. Económicas D117
Química	Domínguez Seoane, Marta Tojo Suárez, Emilia (inglés)	mseoane@uvigo.es etojo@uvigo.es	Bloque E, 3ª planta, D3
Xeoloxía	Francés Pedraz, Guillermo	gfrances@uvigo.es	Bloque C, 3ª planta, D45
Solo, medio acuático e clima	Benito Rueda, Mª Elena	rueda@uvigo.es	Bloque A, 3ª planta, LI35
Técnicas básicas de campo e teledetección	Mª Fuencisla Mariño Callejo	mmarino@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, LI47
Técnicas básicas de laboratorio	Gil Martín, Emilio	egil@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D12
Bioestatística	Sánchez Rodríguez, Mª Estela	esanchez@uvigo.es	Despacho 235 Fac. Económicas



2º curso

Materia	Coordinador	Correo	Situación despachos
Bioquímica I	Suárez Alonso, María Pilar	psuarez@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, LI56
Botánica I	García Molares, Aida	molares@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, D41
Citloxía e Histoloxía I	Megías Pacheco, Manuel (castelán e inglés)	mmegias@uvigo.es	Bloque A, 2ª planta, D22
Microbioloxía I	Longo González, Elisa	elongo@uvigo.es	Bloque A, 3ª planta, D34
Zooloxía I	Mariño Callejo, Mª Fuencisla	mmarino@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, LI47
Bioquímica II	Suárez Alonso, María Pilar	psuarez@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, LI56
Botánica II	Castro Cerceda, Mª Luisa	lcastro@uvigo.es	Bloque A, 1ª planta, LI22
Citloxía e Histoloxía II	Molist García, Mª del Pilar	pmolist@uvigo.es	Bloque A, 2ª planta, L28
Xenética I	Quesada Rodríguez, Humberto Canchaya Sánchez, Carlos (inglés)	hquesada@uvigo.es canchaya@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D23 Bloque C, 2ª planta, D30
Zooloxía II	Iglesias Briones, Mª Jesús (inglés) Mato de la Iglesia, Salustiano (castelán)	mbriones@uvigo.es smato@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, D5 Bloque B, 2ª planta, D6

3º curso

Materia	Coordinador	Correo	Ubicación despachos
Ecología I	González Castro, Bernardino	bcastro@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, D36
Fisioloxía animal I	Alfonso Pallares, Miguel	pallares@uvigo.es	Bloque A, 2ª planta, LI27
Fisioloxía vexetal I	González Rodríguez, Luís	luis@uvigo.es	Bloque A, 1ª planta, D3
Técnicas avanzadas en Bioloxía	Faro Rivas, José Manuel	jfaro@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, D34
Ecología II	Pardo Gamundi, Isabel	ipardo@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, LI41
Fisioloxía animal II	Soengas Fernández, José Luís	jsoengas@uvigo.es	Bloque A, 2ª planta, LI25
Fisioloxía vexetal II	Rey Fraile, Manuel Ángel	mrey@uvigo.es	Bloque A, 1ª planta, LI18
Xenética II	Caballero Rúa, Armando Pérez Diz, Ángel Eduardo (inglés)	armando@uvigo.es angel.p.diz@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D14 Bloque B, 3ª planta, D23
Inmunoloxía y Parasitoloxía	Arias Fernández, Cristina González Fernández, África	marias@uvigo.es africa@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D17 Bloque C, 2ª planta, D34
Microbioloxía II	Combarro Combarro, Mª Pilar	pcombarro@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D16

4º curso

Materia	Coordinador	Correo	Ubicación despachos
Análise e diagnóstico agroalimentario	Iglesias Blanco, Raúl	rib@uvigo.es	Bloque A, 3ª planta, LI38
Análise e diagnóstico medioambiental	Delgado Núñez, Cristina	cdelgado@uvigo.es	Bloque C, 1ª planta, LD14
Análise e diagnóstico clínico	Magadán Mompó, Susana Simón Vázquez Rosana	smaga@uvigo.es rosana.simon@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, D34
Avaliación de impacto ambiental	Olabarria Uzquiano, Celia	colabarria@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, D43
Biodiversidade: xestión e conservación	Garrido González, Josefina	jgarrido@uvigo.es	Bloque B, 2ª planta, D8
Contaminación	Fernández Covelo, Emma	emmaf@uvigo.es	Bloque B, 3ª planta, D21
Producción animal	Soengas Fernández, José Luís	jsoengas@uvigo.es	Bloque A, 2ª planta, LI25
Producción microbiana	Sieiro Vázquez, Carmen	mcsieiro@uvigo.es	Bloque C, 3ª planta, D52
Producción vexetal	Barreal Modroño, Mª Esther	edesther@uvigo.es	Bloque A, 1ª planta, LI20
Xestión e conservación de espazos	Calviño Cancela, María	maria@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, L60
Xestión e control de calidade	Gallardo Medina, Mercedes Cal Arca, Ángela María	medina@uvigo.es angela.cal@uvigo.es	Bloque A, 1ª planta, LI17
Redacción e execución de proxectos	González Cespón, José Luís Santiago Carabelos, Rogelio	epi@uvigo.es rsantiago@uvigo.es	Esc. Ing. Industrial (sede ciudad) 1ª planta, D124 Bloque A, planta 0, LI5
Prácticas externas	Pombal Diego, Manuel Ángel	pombal@uvigo.es	Bloque C, 2ª planta, LI26
Traballo fin de grao	Míguez Miramontes, Jesús M.	jmmiguez@uvigo.es	Bloque A, 2ª planta, LI31



Programas de Mobilidade

SICUE

É un programa que permite a realización dun curso académico ou un semestre en outra universidade española coa que exista acordo de intercambio, asegurando o recoñecemento académico pola nosa universidade das materias cursadas e superadas no centro de destino.

Enlace á web da UVI do programa [SICUE](#).

ERASMUS

É un programa que permite a realización dun curso académico ou dun semestre nunha universidade europea coa que exista un acordo de intercambio, asegurando o recoñecemento académico pola nosa universidade das materias cursadas e superadas no centro estranxeiro.

Web da UVI con información sobre o programa [ERASMUS](#).

ISEP

Este programa permite a realización dun curso académico ou un semestre nunha universidade estadounidense coa que exista acordo de intercambio.

Web de la UVI del programa [ISEP](#).

Bolsas Propias

A Universidade de Vigo ten Bolsas de intercambio propias, en función dos distintos convenios que ten con universidades de todo o mundo. As prazas ofertadas varían dependendo da titulación.

Para saber máis sobre estas bolsas pulse no seguinte enlace: [bolsas propias](#).

Libre Mobilidade

Este programa ten como obxectivo concreto potenciar a mobilidade internacional do estudiantado, apoiando nese proceso as iniciativas individuais do alumnado e facilitando vías de mobilidade adicionais ás que emanan dos programas, acordos e convenios de mobilidade institucionais xa establecidos. A normativa da UVI sobre o devandito programa encóntrase no seguinte enlace: [libre mobilidade](#).

Podes atopar máis información sobre mobilidade internacional nesta ligazón da web da facultade de Bioloxía

<http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/programas-de-movilidad/movilidad-internacional>



PAT

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións **relativas á titoría universitaria**. Supón superar o modelo especificamente académico, máis preocupado pola transmisión de coñecementos e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais **funcións socio-educativas**, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor-alumno, alumno-alumno, etc.

Con este plan preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas **necesidades dos alumnos**, normalizando as distintas accións e alcanzando un equilibrio adecuado entre as expectativas dos alumnos e os obxectivos que se expoñen no marco do **Espazo Europeo de Educación Superior**. Neste sentido o Plan trata de dar coherencia a un dos principios polos que aposta o **Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía**: a adecuación de métodos de ensino e aprendizaxe e a adquisición de competencias do alumnado, atención á diversidade, orientación á aprendizaxe, etc.

No Grao en Bioloxía desenvólvese o PAT dende o ano 2009-10, abrangendo todos os cursos do plan de estudos. Na actualidade o Grao conta con 36 titores que levan a cabo reunións programadas cun número reducido de alumnos (6-8 por titor) que de forma voluntaria participan nas actividades do PAT. Dentro destas actividades inclúense tamén diversos contidos de orientación profesional no último curso do grao.

O Plan de Acción Titorial ao completo, pode consultarse no seguinte [enlace](#).



Calendario Académico

O período lectivo da Facultade de Bioloxía, de acordo co calendario da Universidade de Vigo, comeza a principios de Setembro e finaliza en Xullo, dividíndose o curso en dous semestres. O Calendario Escolar oficial para o curso 2019-2020 pode ser consultado na seguinte dirección: [calendario escolar curso 2019/2020](#).

2019 Setembro							2019 Outubro							2019 Novembro							2019 Decembro						
L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D
						1											1	2	3							1	
2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31	25	26	27	28	29	30	23	24	25	26	27	28	29				
30													30	31						30	31						

2020 Xaneiro							2020 Febreiro							2020 Marzo							2020 Abril						
L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D
						1						1	2							1							1
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
22	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	16	17	18	19	20	21	22	22	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30				
													30	31													

2020 Maio							2020 Xuño							2020 Xullo						
L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D	L	M	Mi	X	V	S	D
						1						1	2							1
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	21	22	23	24	25	26
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31		

Período actas grao	
1º semestre	10 decembro-7 febreiro
2º semestre	8 abril-19 xuño
2ª oportunidade	22 xuño-17 xullo
Fin de carreira	9 setembro-14 novembro

Período actas TFG e máster	
1º semestre	28 febreiro
2º semestre	26 xuño
2ª oportunidade	21 setembro
Fin de carreira	27 novembro

	Inicio/remate 1º semestre
	Inicio/remate 2º semestre
	Actividades Semana Cero, 1º de grao

	Exames finais de 1º
	Período non lectivo

	Festivos
	San Alberto Magno
	Sto. Tomás de Aquino

Horario de actividades formativas

Os horarios das actividades (teoría, prácticas, seminarios, tutorías, etc.) de todas as materias que compoñen cada curso do Grao son aprobados antes do inicio de curso en Xunta de Facultade.

Para o curso 2019-20, os horarios das distintas materias encóntranse dispoñibles no seguinte enlace: [horarios de Grao](#).

Calendario de exames e convocatorias

Convocatoria ordinaria

Segundo a normativa da Universidade de Vigo, nas ensinanzas de Grao se establece unha única cualificación por curso académico, se ben se realizará en dúas etapas de avaliación, unha ao final de cada cuadrimestre e outra no mes de xullo. Esta última permitirá aos alumnos recuperar aqueles contidos que non puidese superar nas etapas anteriores.

Establécense tres períodos nos que se realizan as probas de avaliación:



- Decembro-Xaneiro, para as materias do primeiro cuadrimestre.
- Maio-Xuño, para as materias do segundo cuadrimestre.
- Xullo, segunda oportunidade para as materias de ambos cuadrimestres.

As datas concretas dos exames do grao en Bioloxía para o curso 2019-20 foron aprobadas pola Xunta de Facultade. Esta información está dispoñible no seguinte enlace: [calendario de exames de Grao](#).

Convocatoria extraordinaria Fin de carreira

Esta opción vai dirixida exclusivamente a aqueles alumnos que lles falten un máximo de 24 ECTS para finalizar os seus estudos (non se terán en conta os créditos do traballo fin de grao). É requisito indispensable ter sido avaliado destes contidos con anterioridade e que o alumno estivese matriculado do TFG en cursos anteriores. Para máis información podes consultar o seguinte [enlace](#).

Secretaría de alumnos

Os trámites administrativos (matrícula, expediente, certificacións, etc.) lévanse a cabo a través da secretaría de alumnos do centro.

Teléfono: 986 812 555

É posible ademais realizar diversas tarefas administrativas (automatrícula, solicitude de certificacións e expedientes, etc.) a través da [secretaría virtual da Universidade de Vigo](#).

Matrícula

Toda a información relativa á matrícula na Universidade de Vigo se encontra dispoñible no seguinte enlace web: [matrícula](#).

No devandito enlace pódese encontrar información acerca de normativas, as novidades, os prazos, os requisitos específicos das titulacións, a documentación requirida, etc.

Modificación de matrícula.

A información relativa á modificación da matrícula, pódese encontrar na convocatoria de matrícula, accedendo directamente dende este [enlace](#).

Anulación de matrícula

A información relativa á anulación da matrícula atópase na convocatoria de matrícula, pulsando directamente [aquí](#).

Recoñecemento de créditos por actividades extra-académicas

Os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos. Os créditos ECTS recoñecidos incorporaranse ao expediente do estudante e ao Suplemento Europeo ao Título.

A normativa da Universidade de Vigo sobre recoñecemento de créditos por actividades e os procedementos a seguir pódese consultar no enlace:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_gl/galeria_descargas/normativa_reconecemento_creditos_por_actividades_en_titulacions_oficiais_de_grao.pdf



Permanencia

A normativa sobre permanencia da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte enlace: [permanencia](#).

Servizo de Teledocencia

A Universidade de Vigo conta cun servizo de teledocencia dende onde podedes ter acceso ás plataformas de docencia das distintas materias e plataformas de coordinación dos distintos cursos. Unha vez formalizada a matrícula podedes acceder á devandita plataforma onde teredes información das materias das que vos matriculastes.

Enlace: <http://faitic.uvigo.es/index.php/es/>

Podedes descargarvos un manual coas instrucións necesarias para entrar e poder acceder ás materias. Unha vez entredes na plataforma dunha determinada materia podedes acceder a diferentes menús cuxa explicación está detallada no manual.

Manual en castelán: http://faitic.uvigo.es/images/manuais_plataf/manualclaroline_alumno_es.pdf

Manual en galego: http://faitic.uvigo.es/images/manuais_plataf/manualclaroline_alumno_gl.pdf

Tamén podedes acceder á plataforma de coordinación de curso na cal teredes información sobre horarios, grupos de prácticas, cursos e calquera outra información que se considere relevante durante o desenvolvemento do curso. Para poder acceder a esta plataforma tedes que preinscribivos. Para iso debeses seguir os seguintes pasos:

1. Entrar en <http://faitic.uvigo.es/index.php/es/>
2. Introducir datos de usuario e clave.

The image shows a screenshot of the FAITIC web portal. On the left, there is a navigation menu with the following sections: **ACCESO** (with fields for 'Nome de usuario' and 'Clave' circled in red), **Menú Xeral**, **INICIO**, **SERVIZO** (with sub-items: USUARIOS/AS, NOVIDADES, FAQ, RECURSOS, BUSCAR NA WEB, INCIDENCIAS, ESTADÍSTICAS FAITIC), **BOLSAS** (with sub-item: Consulta todas nuestras Becas), and **TEMAS DO DÍA** (with sub-item: Ver estadísticas del curso). At the bottom of the menu is a QR code labeled 'PÁGEE QR-CODE MODULE'. The main content area is titled 'Tablón de anuncios...' and contains the following text: 'Benvido/a ao portal web de FAITIC. Vostede aquí poderá atopar diversa información relacionada con este servizo.' Below this text are three large circular buttons: 'TEMA', 'ALTA DE CURSOS-CONTIDOS', and 'MANUALES DOCUMENTACIÓN'. Underneath these buttons are three columns of links: **Alumnado Universitario** (with links: Acceso Tema, Más info), **Cursos e Contidos** (with links: Instrucións para dar de alta un curso na plataforma, Formulario), and **Manuais e Documentación** (with link: Acceso aos manuais das plataformas e documentación).



3. Seleccionar e abrir preinscricións na columna da esquerda.

The screenshot shows a user interface with a left sidebar and a main content area. The sidebar contains a menu with items like 'ACCESO', 'MATERIAS', 'DATOS PERSONALES', 'PREINSCRIPCIONES', 'MI MATRÍCULA', 'AGENDA/CALENDARIO', 'HORARIOS', 'EXÁMENES', 'INICIO', 'SERVICIO', 'USUARIOS/AS', 'NOVEDADES', 'FAQ', 'RECURSOS', 'BUSCAR EN LA WEB', 'INCIDENCIAS', 'ESTADÍSTICAS', and 'FAITIC'. The 'PREINSCRIPCIONES' item is highlighted with a red circle. The main content area is titled 'MIS MATERIAS' and displays the message 'No tiene ninguna materia asignada'.

4. Introducir o código da plataforma, pulsar “intro” e solicitar preinscrición. O código da plataforma de coordinación de 1º é V02G030V01_PAT1.

The screenshot shows the 'SOLICITAR PREINSCRIPCIÓN EN UNA MATERIA' form. The search code 'v02g030v01_pat1' is entered in the 'Buscar Materia' field, which is circled in red. The 'Buscar' button is also highlighted. Below the search field are filter options for 'Campus' and 'Tipo de titulación'. A table of available courses is shown below, with a red arrow pointing to the 'Acción' column.

#	Código	Nombre	Titulación	Campus	Estado	Acción
1	V02G030V01_PAT1	Tutoría-Coordinación de 1º de Grado	Grao en Bioloxía	Vigo	No inscrito en materia	

The screenshot shows a confirmation message 'MENSAGE' with a green checkmark and the text 'Inscripción realizada correctamente'. Below the message, the search form is shown again, but the 'Estado' of the course in the table is now 'Ya preinscrito', which is circled in red. Below the search form is a table titled 'MIS INSCRIPCIONES' showing the course status.

#	Código	Nombre	Titulación	Campus	Estado	Acción
1	V02G030V01_PAT1	Tutoría-Coordinación de 1º de Grado	Grao en Bioloxía	Vigo	Preinscrito: Pendiente de validar	

5. Unha vez feito isto, o coordinador de curso validará a preinscrición e poderedes acceder á plataforma de coordinación.



Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo

É importante coñecer os dereitos e obrigas recollidos no regulamento de estudantes. Mediante este regulamento trátase de garantir o dereito dos alumnos a recibir unha docencia de calidade e unha avaliación xusta, dereitos de revisión e impugnación de exames, dereito á propiedade intelectual, dereito a recibir información e orientación educativa, así como o voso deber de respectar o patrimonio da Universidade, cumprir coas obrigas académicas e cumprir a lexislación vixente de acordo aos estatutos da Universidade de Vigo e os regulamentos que os desenvolven.

O regulamento de estudantes da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte [enlace](#).



Xestión da calidade no Grao en Bioloxía

A Universidade de Vigo ten como un dos seus fins prioritarios "conseguir as **máximas cotas de calidade** da docencia e a investigación".

En función diso, as titulacións académicas incorporan diversos mecanismos que permiten a xestión e a avaliación das actividades formativas e dos servizos que prestan ao alumnado.

A Facultade de Bioloxía dótase de diversas ferramentas que permiten o control na calidade formativa mediante a planificación da oferta educativa, a súa avaliación e a revisión do seu desenvolvemento. As devanditas ferramentas favorecen a toma de decisións de cara a implantar accións de mellora da docencia que reciben os estudantes, os recursos dispoñibles e o persoal docente e de apoio. Todo iso engóbase no **Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC)** que inclúe:

- Diversos procedementos documentados para o control e a mellora das actividades académicas e dos servizos dispoñibles na Facultade de Bioloxía. Abranguen todos os aspectos relacionados co desenvolvemento do título, tales como:
 - Mecanismos para a planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
 - Plans de promoción e captación de alumnos.
 - Criterios de admisión de estudantes.
 - Guías docentes de materias e da titulación.
 - Accións académicas de coordinación.
 - Accións de orientación ao estudante.
 - Xestión de recursos materiais e servizos.
 - Ferramentas para a medición e análise de resultados.
- Un procedemento para a xestión de queixas, suxestións e reclamacións, con formularios dispoñibles ([enlace](#)) para os distintos grupos de interese que desenvolven a súa actividade nas titulacións que se imparten no centro.
- Realización de enquisas de satisfacción docente ao finalizar cada curso académico, nas que participan os distintos colectivos da titulación expresando a súa valoración das actividades desenvolvidas e os medios dispoñibles. Todo iso permite a implantación de plans de mellora de forma continuada, que axuden a alcanzar maiores niveis de calidade na titulación.










Estudos de Postgrao

Para completar a formación dos alumnos graduados, a Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo dispón dunha ampla oferta de estudos de postgrao que inclúen diferentes mestrados profesionalizantes e de investigación destinados a dotar os alumnos dunha formación avanzada, xa sexa para a súa inserción no mercado laboral, ou ben para o seu acceso a un programa de doutorado conducente ao título de doutor.

Na actualidade, a Facultade de Bioloxía ten adscritos 5 mestrados oficiais que abranguen unha ampla variedade de contidos que permiten complementar a formación do biólogo. Así mesmo inclúe un mestrado de formación de profesorado que capacita para o desempeño da función docente no ensino secundario e a formación profesional.

A continuación indícase a relación de mestrados que oferta a facultade para o curso académico 2019-20

. Nas respectivas direccións web pódese consultar en detalle a información específica de cada titulación:

-  [Mestrado en Acuicultura.](#)
-  [Mestrado en Bioloxía Mariña.](#)
-  [Mestrado en Biotecnoloxía Avanzada](#)
-  [Mestrado en Neurociencia.](#)
-  [Mestrado para o Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacheletrato Formación Profesional e Ensino de idiomas.](#)
-  [Mestrado en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión](#)
-  [Mestrado en Xenómica e Xenética](#)



A Investigación na Facultade de Bioloxía

A investigación constitúe unha importante actividade da Facultade de Bioloxía. A actividade investigadora lévase a cabo por diferentes Grupos de Investigación onde se integran investigadores que traballan nos distintos ámbitos da bioloxía.

A Facultade conta con laboratorios das distintas especialidades dotados de modernos equipos científico-tecnolóxicos que posibilitan a investigación ao máis alto nivel. As especialidades dos nosos laboratorios inclúen Botánica, Bioloxía Celular e Histoloxía, Bioquímica e Bioloxía Molecular, Fisioloxía Animal, Fisioloxía Vexetal, Xenética, Microbioloxía e Parasitoloxía, Zooloxía, Edafoloxía, Ecoloxía, Immunoloxía, Antropoloxía e outras. Así mesmo, os grupos de investigación asentados na facultade contan con apoio científico doutros centros da propia Universidade de Vigo, como son o CACTI (Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación) e a ECIMAT (Estación de Ciencias Marítimas de Toralla). Diversos grupos de investigación da facultade intégranse no Campus do Mar que recentemente obtivo a mención de Campus de Excelencia Internacional. Máis información na seguinte ligazón:

<http://bioloxia.uvigo.es/gl/investigacion/centros-e-laboratorios>

Por iso, os estudantes que acceden á Facultade de Bioloxía intégranse nun espazo científico onde realízase unha investigación de excelencia con gran proxección nacional e internacional. A produción científica dos nosos Grupos de Investigación, onde se integra o persoal docente e investigador, é elevada, materializándose en numerosas Teses Doutorais, libros, artigos científicos, informes, conferencias e comunicacións a congresos, cuxo número e calidade se incrementan ano a ano.

Os alumnos poden acceder ao traballo que se realiza nos Grupos de Investigación por diversas vías, en particular durante o último curso da titulación dentro da materia Traballo Fin de Grao, na que con apoio dun titor poden desenvolver pequenos traballos de investigación nas liñas temáticas que se propoñen polos profesores da Facultade. Outra vía de acceso dos alumnos á actividade investigadora son as bolsas de colaboración que distintos organismos oficiais (Xunta de Galicia, MEC) ofrecen para a iniciación á carreira científica.

Con posterioridade á obtención do título de graduado, os alumnos poden canalizar o seu futuro profesional cara á actividade investigadora a través dos diversos Mestrados e Programas de Doutoramento que ofrece a Facultade de Bioloxía e/ou ofertados por outros centros nacionais ou internacionais.



REVBIGO



Volume X | Ano 2018



A Revista da Facultade de Bioloxía da UVIGO (REVBIGO) ten como un dos seus principais obxectivos facilitar a publicación dos traballos académico-científicos elaborados polo estudiantado que está a formarse na nosa facultade.

O nacemento da revista tivo lugar no ano 2006 auspiciada por unha experiencia piloto de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, na que participou o centro. Sen dúbida foi unha iniciativa que acadou un notable éxito dando lugar nesa primeira etapa a cinco volumes de edición anual (anos 2006 a 2010). A súa solvencia viuse ratificada tamén coas numerosas aportacións realizadas polo estudiantado dos diferentes cursos da xa extinguida Licenciatura en Bioloxía.

Malia que manter esta iniciativa no tempo estivo na mente de moitos, as circunstancias académicas que aconteceron nos seguintes anos e os esforzos feitos no centro para adaptar as novas titulacións aos principios do Espazo Europeo de Educación Superior, relegaron ese obxectivo a un segundo plano, postergándose a reedición a ventos máis favorables. Tendo na mente que REV B I G O debía seguir sendo unha aposta decidida da nosa Facultade, un reflexo do noso xeito de traballar e de formar aos estudantes de bioloxía, iniciouse unha segunda etapa da revista, máis elaborada si cabe e ó carón das novas tecnoloxías que permitiu incluír un número maior de traballos. A máis diso fai cobertura doutra información que pode resultar de interese para os membros da comunidade universitaria, á vez que continuará a ser unha fiestra cara ao resto da sociedade. Así, con esta formulación innovadora, a revista trata, con máis empeño aínda que outrora, de complementar os traballos dos estudantes con anotacións sobre acontecementos extraacadémicos que teñen lugar ao longo do ano na Facultade: conferencias, actos de graduación, exposicións, etc., ademais de rememorar a personaxes relevantes da ciencia.

Nesta nova etapa, a revista se presenta en formato electrónico o que facilita a súa edición e contribúe a mellorar a súa difusión a través da páxina web e das redes sociais, o cal é un valor engadido digno de ter en conta.

A revista mantén o mesmo obxectivo co que partiu anos atrás: facendo dela unha bandeira da nosa facultade, que deixa pegada da senda pola que nos movemos nestes tempos e servirá de referencia para os vindeiros. Para máis información consultar a seguinte [ligazón](#).



Biblioteca

Presente fisicamente nos tres campus da Universidade de Vigo (Vigo, Ourense e Pontevedra), a Biblioteca Universitaria conta en cada un deles cunha biblioteca central e varias salas repartidas polas escolas e facultades que compoñen a Universidade. Os seus servizos inclúen a consulta en sala, o préstamo a domicilio, información bibliográfica, recursos electrónicos e intercambio interbibliotecario, ademais de actividades formativas para os seus usuarios. A Biblioteca Universitaria ademais, recibiu no ano 2007 a certificación de calidade ISO:9000 que a sitúa á vangarda das universidades españolas.

A información relativa ao préstamo bibliotecario, así como os horarios da **Biblioteca Central da Universidade** pódense consultar na [páxina de información xeral do servizo da biblioteca](#).




A biblioteca ofrece aos estudantes de 1º unha sesión de acollida a principios de curso onde se explica o funcionamento desta.

O alumno debe dispoñer da tarxeta universitaria para poder solicitar o préstamo dos fondos da biblioteca.

Deportes

A Universidade de Vigo conta con modernas instalacións deportivas para a realización de actividades dirixidas, así como para a práctica de deporte de uso libre. Ademais doutras actividades que se ofertan na Universidade de Vigo pódese elixir entre: fútbol, fútbol sala, baloncesto, tenis, rugby, escalada, etc.

Toda a información deportiva da Universidade de Vigo está dispoñible no seguinte enlace: [Servizo de deportes](#).



Cultura

A Universidade de Vigo desenvolve unha ampla variedade de actividades culturais ao longo do curso: concursos de fotografía, pintura, maquetas de música, cursos de extensión universitaria, talleres de música, fotografía, teatro, exposicións, coro universitario, etc. Se queres máis información pica [aquí](#).



Tarxeta Universitaria

Ten como obxectivo identificar os membros da comunidade universitaria e pode ser requirida en calquera instalación da Universidade de Vigo. O titular identifícase mediante os seus datos persoais e unha foto. Indícase o colectivo ao que pertence (alumnado, PDI, PAS, etc.).

Está dotada dun chip con datos adicionais para o seu uso en diferentes servizos e un código de barras usado nas bibliotecas da Universidade. A tarxeta incorpora un número de identificación persoal que identifica o usuario.



Podes solicitala en calquera momento nas Oficinas do Santander do campus levando unha fotografía recente aínda que durante o período de matrícula o formulario se pode recoller na entrada da Facultade. O horario da oficina é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas, agás en agosto con horario de 9:00 a 14:00 horas.

A tarxeta non hai que renova-la cada ano.

Para que podes usar a tarxeta?

- Acreditación universitaria
- Acceso a recintos e ordenadores das aulas de informática
- Préstamo de libros
- Tarxeta deportiva
- Moedeiro electrónico (se o solicitas)
- Firma electrónica

Para máis información consulta o enlace: http://www.uvigo.es/uvigo_gl/vida/tarxeta-universitaria.html

Correo electrónico da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo pon a disposición da comunidade universitaria (PAS, PDI y alumnos) contas de usuario no dominio uvigo.es para todo o persoal, con excepción dos alumnos para os que dispuxo o dominio alumnos.uvigo.es.

As contas nestes dominios son administradas polo persoal dos Servizos Informáticos da Universidade de Vigo.

As contas de usuario están suxeitas ao cumprimento das normas de uso dos servizos, as cales están publicadas na [páxina web da ATIC no apartado normativa](#).

Enlaces relacionados:

[Acceso ao Correo web](#) [Máis información acerca do correo electrónico @uvigo.es](#)



É conveniente e aconsellable ter unha conta con dominio alumnos.uvigo.es, xa que moitos profesores só contestan a estas contas e ademais as contas de correo en Hotmail crean problemas alleos ao servizo de correo electrónico polo que se recomenda modificar esta conta de correo.

Recorda que se es alumno da Universidade de Vigo tes creada unha conta de forma automática co dominio **alumnos.uvigo.es**.

Bolsas e Emprego

A Universidade de Vigo conta cun programa completo de bolsas e axudas para o estudante que cursa estudos de grao e mestrado: bolsas para programas de intercambio (Erasmus, bolsas propias, etc.) bolsas de residencia e comedor, etc. Así mesmo, aqueles estudantes que ao finalizar os seus estudos decidan seguir a súa formación na rama da investigación, tamén dispoñen de distintas ofertas de bolsas, xa sexa da propia Universidade de Vigo ou de distintas convocatorias autonómicas ou estatais.

Para a axuda á inserción no mercado laboral, a Universidade conta co servizo Fundación UVIGO (FUVI) que se encarga da xestión de prácticas preprofesionais externas non curriculares, así como de anuncios e ofertas de emprego enfocados aos recén graduados (ou do último curso) da Universidade. Así mesmo organiza cursos e talleres activos de busca de emprego e conta cunha área de orientación laboral que informa e axuda de forma individualizada á busca de emprego (creación de CV, cartas de presentación, entrevistas de traballo, etc.).

Enlaces de interese:

- [Bolsas da Universidade de Vigo.](#)
- [Fundación Universidade de Vigo.](#)
- [Área de emprego.](#)

Transporte

As comunicacións coa cidade mantéñense durante todo o ano a través da empresa de transporte municipal, reforzándose estas durante o período lectivo mediante un sistema fluído de autobuses. Pode consultarse os horarios e liñas de autobuses de transporte público na súa [páxina web](#).

Do mesmo xeito existen vehículos propios da Universidade de Vigo que ofrecen a posibilidade, entre outras, de moverse polo Campus Universitario (autobús Circular con saída cada hora entre as 9:00 e as 14:00 horas).

Seguro Escolar

Os alumnos da Universidade de Vigo quedan cubertos por un seguro escolar que se paga no momento de formalizar a matrícula polo que non ten custo adicional ningún. Para máis información consultar este [enlace](#).

Gabinete psicopedagóxico

O gabinete psicopedagóxico está adscrito ao servizo de Extensión Universitaria. Ofrece información, asesoramento e formación en ámbitos tanto persoais coma académicos. Para máis información consulta este [enlace](#).



Centro médico

Un médico e un diplomado en enfermaría atenden o [centro médico](#) do campus de Vigo nun local anexo á biblioteca central.

Teléfono: 986 813 451

Horario de atención: luns a venres: de 8:30 a 14:00 horas e de luns a xoves de 15:00 a 17:00 horas.

Cursos

Neste [enlace](#) accédese a ofertas de cursos de distinto tipo: cursos de idiomas e complementarios, actividades de formación, etc., que se desenvolven ao longo do ano académico. Ademais dispoñeredes de información na plataforma de coordinación (ver máis abaixo) de todos aqueles que poidan ser do voso interese.

Outros Servizos

Ademais dos que xa se mencionaron, a Universidade conta con outras actividades e servizos complementarios como: Servizos Económicos, Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions, Servizo de Asesoría Xurídica, Servizo de Voluntariado e Extensión Universitaria, Oficina de Relacións Internacionais, etc. Podes consultar o listado completo de servizos nos seguintes enlaces:

- [Administración e Servizos.](#)

Contactos de interese da Universidade de Vigo

Páxina web <http://www.uvigo.es>

Centraliña: 986 81 20 00

Información xeral: 986 81 36 00

Información ao alumnado: 986 81 36 30

Rexistro xeral: 986 8139 02

Rexistro do Campus de Vigo: 986 84 36 10

[Tribunal de garantías](#): 986 81 38 30 tgarant@uvigo.es

Actividades culturais: 986 81 63 03; 986 81 63 26 vicext@uvigo.es

Actividades deportivas: 986 81 21 82; 986 81 22 04 deportes@uvigo.es

Servizo de alumnado: 986 84 36 07; 986 84 36 09 xsadal@uvigo.es

Bolsas: 986 19 99; 986 81 36 12 bolsas@uvigo.es



EDIFICIO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS

Campus Lagoas-Marcosende. 36310 - Vigo

Tfno: 986.81.19.76;

Email: decanatobioloxia@uvigo.es



www.bioloxia.uvigo.es

www.uvigo.es